

RÚBRICA DE TEMPORIZACIÓN E FASES DA LIGA								
CRITERIO	NIVEL AVANZADO (4)		NIVEL INTERMEDIO (3)		NIVEL BÁSICO (2)		NON ACADA O NIVEL (1)	
Temporización	Respéctase o tempo asignado para cada intervención e úsase de maneira clara e efectiva.		Respéctase o tempo asignado, aínda que haxa intervencións que poidan quedar un pouco curtas ou facerse algo longas.		O tempo non se xestiona ben e hai oradoras ou oradores que se exceden ou non o aproveitan correctamente.		Non se respecta o tempo asignado, hai interrupcións ou quedan sen tempo para argumentaren correctamente.	
	A	B	A	B	A	B	A	B
Exposición inicial	A exposición inicial está ben estruturada, parte dunha introdución clara, céntrase na postura do tema e consegue apuntar as ideas que sustentarán o discurso.		A exposición inicial está ben estruturada e introdúcese correctamente, aínda que poida haber algunhas incoherencias entre as ideas que sustentarán o discurso.		A exposición inicial está algo desorganizada. Enténdese cales van ser as ideas aínda que con saltos e incoherencias entre si.		Non hai un fío condutor claro na exposición inicial nin se consegue percibir cales van ser as ideas que sustenten o discurso.	
	A	B	A	B	A	B	A	B
Refutacións	Refútanse os contidos do outro equipo con argumentos sólidos e ben fundamentados, demostrando unha boa capacidade crítica e analítica. A refutación é pertinente, clara e directa.		Refútanse correctamente os contidos do outro equipo, a pesar de que haxa cuestións nas que non se afonde o suficiente ou queden pouco explicadas.		Refútanse os contidos do outro equipo, pero non se afonda nos argumentos nin se fai de xeito convincente.		Non se conseguen refutar os contidos do outro equipo, e as refutacións son pouco claras ou irrelevantes.	
	A	B	A	B	A	B	A	B
Conclusión	A conclusión resume perfectamente os puntos principais do debate –sen engadir información nova– e pecha de forma convincente, ao tempo que convida á reflexión.		A conclusión resume os puntos principais do debate –sen engadir información nova–, pero non consegue pechar de forma tan convincente nin deixa a porta aberta á reflexión.		Hai algunha confusión no resumo das ideas e puntos principais do debate, o que non favorece que a conclusión sexa convincente. Ademais, engade algunhas informacións novas (datos ou argumentos).		A conclusión non resume de forma efectiva os puntos principais ou non pecha adecuadamente o debate. Aproveítase a conclusión para engadir información de última hora (datos ou argumentos).	
	A	B	A	B	A	B	A	B
Postura a favor / en contra	O equipo atense á postura e sostena mediante un discurso apoiado en argumentos ou evidencias que se van desenvolvendo ao longo do debate.		O equipo sostén a postura durante o debate aínda que nalgúns momentos se poida perder o fío do discurso.		O equipo sostén a postura, mais non dá sostido un discurso claro mediante argumentos ao longo de todo o debate.		O equipo non mantén a postura durante o debate nin a dá sostido mediante argumentos ou evidencias.	
	A	B	A	B	A	B	A	B

RÚBRICA DE COMPETENCIAS								
CRITERIO	NIVEL AVANZADO (4)		NIVEL INTERMEDIO (3)		NIVEL BÁSICO (2)		NON ACADA O NIVEL (1)	
Expresión e calidade da lingua	Coida a dicción (pronuncia, volume, ritmo, ton, pausas...) en prol dunha boa comunicación, cun vocabulario rico e preciso que favorece a claridade da mensaxe.		En xeral tanto a dicción coma o vocabulario están coidados, a pesar dalgúns erros ou vacilacións, sen que se vexa afectada a claridade da mensaxe.		Hai vacilacións na dicción e algúns erros de vocabulario e de rexistro, o que resta credibilidade á mensaxe que se quere transmitir.		A mensaxe non é clara por causa dos numerosos erros de vocabulario, vacilacións de rexistro e problemas na dicción.	
	A	B	A	B	A	B	A	B
Linguaxe non verbal e control escénico	Mostra seguridade ao dirixirse ao público, mantén contacto visual co outro equipo de debate e co resto de persoas presentes na sala (xurado e moderadoras).		Mantén contacto visual co outro equipo de debate e co resto de persoas (xurado e moderadoras), aínda que por momentos poida perder a seguridade escénica.		Cústalle manter contacto visual – especialmente co xurado–, aínda que fai o esforzo de recuperalo e de volver á seguridade escénica ao dirixirse ao público.		Non mostra seguridade escénica nin é capaz de manter contacto visual nin cos compañeiros e compañeiras do equipo nin co resto de persoas presentes na sala.	
	A	B	A	B	A	B	A	B
Capacidade de diálogo	Practica o diálogo honesto, con vontade construtiva, mediante unha actitude respectuosa, sen ataques nin descualificacións.		Mostra unha actitude respectuosa, aínda que nalgún momento lle custe manter unha actitude construtiva. Non hai ataques nin descualificacións.		Cústalle manter unha actitude de crítica construtiva, aínda que en xeral a actitude sexa respectuosa.		A actitude non é de respecto nin propia dunha crítica construtiva. Hai algún ataque ou descualificación cara ás persoas ou ás ideas do outro equipo de debate.	
	A	B	A	B	A	B	A	B
Interpelacións e respostas	Formula –durante as refutacións– interpelacións relevantes á oradora ou orador do outro equipo co fin de solicitar aclaracións. Tamén concede preguntas e respóndeas axeitadamente.		Formula –durante as refutacións– interpelacións á oradora ou orador do outro equipo co fin de solicitar aclaracións, aínda que non as responde axeitadamente cando llas fan.		Non formula interpelacións, aínda que as responde –máis ou menos axeitadamente, cando llas fan.		Non formula interpelacións nin as responde –ou non as responde– de maneira adecuada cando llas fan.	
	A	B	A	B	A	B	A	B
Calidade e veracidade dos contidos	As oradoras e oradores empregan correctamente as citas e comparten datos contrastados de fontes fiables. Fan un bo uso dos recursos externos.		As oradoras e oradores empregan correctamente as citas e comparten datos, aínda que non queden de todo claras as fontes. Fan un bo uso dos recursos externos.		Non queda de todo clara a procedencia das citas que se comparten, nin se fai un uso correcto dos recursos externos.		Non se comparten citas nin se fai un uso correcto dos recursos externos.	
	A	B	A	B	A	B	A	B

RÚBRICA DE NORMAS XERAIS								
CRITERIO	NIVEL AVANZADO (4)		NIVEL INTERMEDIO (3)		NIVEL BÁSICO (2)		NON ACADA O NIVEL (1)	
Puntualidade	O equipo comparece á hora acordada e efectúa os cambios de oradoras e oradores con dilixencia para favorecer o intercambio de papeis durante o desenvolvemento do debate.		O equipo non comparece á hora acordada, aínda que o compensa ao facérense os cambios de oradoras e oradores con dilixencia.		O equipo comparece á hora acordada, aínda que se retrasa o debate ao non se faceren os cambios de oradoras e oradores coa debida dilixencia.		O equipo chega con retraso e non fai os cambios de oradoras e oradores con abonda dilixencia para contrarestar o atraso.	
	A	B	A	B	A	B	A	B
Actitude e comportamento	Mostra unha actitude de respecto crítico e de empatía cara aos outros puntos de vista, e un comportamento propio dos valores académicos e democráticos.		En xeral mostra unha actitude de respecto e de empatía cara aos outros puntos de vista, aínda que haxa algunha desviación no respecto aos valores académicos.		Aínda que non perda o respecto, cústalle manter a empatía cara aos outros puntos de vista. En xeral, respéctanse os valores académicos.		Non amosa respecto nin empatía cara aos outros puntos de vista, nin se percibe un respecto dos valores académicos e democráticos.	
	A	B	A	B	A	B	A	B
Respecto ás normas acordadas	Respéctanse as normas acordadas, tanto as contidas no regulamento coma as que se poidan establecer nos distintos centros educativos e en cada unha das sesións.		En xeral, respéctanse as normas contidas no regulamento e nos centros educativos que acollen as sesións, aínda que poida haber algún erro indeliberado.		Cústalle manter o respecto ás normas contidas no regulamento e a aquelas establecidas en cada un dos centros educativos que acollen os debates.		Non se respectan nin as normas contidas no regulamento nin aquelas establecidas en cada un dos centros educativos.	
	A	B	A	B	A	B	A	B
Mantemento da atención	Mantén a atención durante o debate, tanto antes da propia intervención coma despois de intervir, e escoita activamente as oradoras e oradores do propio equipo e do outro equipo de debate.		En xeral, salvo algunha distracción, mantén a atención durante o debate e escoita activamente as oradoras e oradores do propio equipo e do outro equipo de debate.		Cústalle manter a atención antes ou despois da súa intervención no debate.		Non mostra unha actitude de escoita activa nin mantén a atención no debate máis alá da propia intervención.	
	A	B	A	B	A	B	A	B
Traballo en equipo	Hai unha boa coordinación entre as persoas integrantes do equipo –o que demostra un bo traballo previo–, con mostras de solidariedade entre si e de respecto cara aos roles asignados.		Respéctanse os roles asignados e, en xeral, reflíctese un bo traballo previo, aínda que poida haber algún problema de coordinación entre as persoas integrantes do equipo.		En xeral respéctanse os roles aínda que se percibe falta de traballo previo, o que dá lugar a problemas de coordinación entre as persoas integrantes do equipo.		Non se percibe coordinación entre as persoas integrantes do equipo –por falta de traballo previo– nin se respectan os roles asignados durante o desenvolvemento do debate.	
	A	B	A	B	A	B	A	B